

- Novembro Peches de representantes sindicais da CIG, contra as empresas de traballo temporal.
- Nov/Dec Folgas e mobilizacións en defensa do sector e dos servizos públicos.
- 14/12 Mobilización nacional da CIG en Compostela, despois das realizadas nas principais cidades galegas, para *parar as agresións á clase traballadora*.
-
- 1997**
- 10/03 Mobilizacións en toda Galicia. Cúmplense 25 anos do Día da Clase Obreira Galega.
- Abril Inicia a súa andadura a fundación FORGA, para a formación ocupacional e continua.
- 31/05-01/6 II Congreso da CIG. *En Galiza, no traballo, o sindicalismo máis noso*.
- 11/09 Conferencia nacional de organización da CIG, en Santiago.
- 26-29/11 Celébrase en Vigo a XII Conferencia internacional da UITBB (construcción e derivados).
-
- 1998**
- 14/02 Mobilización unitaria en Compostela, en defensa das liberdades fundamentais.
- 16/05 Mobilización en Santiago, na víspera do Día das Letras Galegas, pola total normalización do noso idioma. 5.000 galegos e galegas contra a política lingüística do PP.
- 17-18/06 Os sindicatos nacionalistas ELA, LAB, IC e CIG, asinan un documento de políticas comúns en Compostela.
- 28/11 Mobilización nacional polo emprego en Santiago.
-
- 1999**
- Xaneiro Comeza a ser operativo o Fondo de Solidariedade da CIG.
- Marzo Folga durante 13 días, no sector de Transporte de Viaxeiros de A Coruña.
- 26/05-09/06 Folga dos traballadores das auxiliares do sector naval na provincia de Pontevedra. En Outono, segunda fase da folga, nas empresas que non cumpriron co asinado en xuño.
-
- 2000**
- Xaneiro A CIG obtén 4.182 delegados/as (25,2%) nas eleccións sindicais, a data 31/12/99.
- 09/02 Folga xeral en Tui, para apoiar ós traballadores de Gesrubber.
- Marzo Anúnciase pola CIG unha campaña contra a precariedade laboral, que se desenvolverá durante todo o ano 2000.
- 04/04 Conmemórase en Compostela, o X Aniversario da fundación da CIG, cun encontro nacional de representantes sindicais e unha manifestación polo traballo digno, contra a precariedade.



1990-2000
Convergencia Confederación



Confederación Intersindical Galega



1990-2000
Convergencia Confederación



Confederación
Intersindical
Galega

Dez anos de compromiso coa clase traballadora

Introducción

O 2 de abril de 1990, as dúas centrais sindicais nacionalistas daquela existentes (INTG e CXTG), constituíamos, en Santiago de Compostela, a Convergencia Intersindical Galega, como base sobre a que apenas catro anos despois, se producíu a unificación orgánica na Confederación Intersindical Galega. Cúmprense pois, este 2 de abril de 2000, dez anos de compromiso coa clase traballadora da nosa Nación. Dez anos nos que se produce un importante medre na representatividade do noso sindicalismo. Unha década caracterizada por un forte incremento de afiliación. Indicativos ámbolos dous de que a C.I.G. é a ferramenta na que confían miles e miles de traballadoras e traballadores galegos.

Lonxe de autocomplacencia, desde a consciencia das limitacións, pero cunha enorme dose de confianza nas forzas transformadoras e de progreso que residen na clase traballadora, agardamos no porvir continuar a senda de crecemento, dotarmonos de máis e mellores medios para sermos máis eficaces fronte ós retos, novos e vellos, que te_ en diante de sí Galicia e a nosa clase. É certo que inda non logramos ser o primeiro sindicato en Galicia, pero estamos seguros de contar coa mellor materia prima para eso: as mulleres e os homes que diariamente, co seu compromiso, fan da C.I.G. un sindicato imprescindible para o noso país.

Escolma cronolóxica

Datas	Sucesos
1990	
02/04/90	Créase a Convergencia Intersindical Galega (CXTG-INTG).
21-22/04	IV Congreso da INTG, en Poio. <i>Unidos no futuro.</i>
01/05	Centenario do 1º de Maio. A Convergencia convoca mobilizacións en toda Galicia.
Novembro	A CIG participa no XII Congreso Sindical Mundial (FSM)
1991	
Xaneiro	Nas eleccións sindicais de 1990 a CIG acada 3.552 representantes (23,6%), cun notable incremento sobre os resultados de 1986/7 (2.359 e un 21,1%).
Febreiro	CIG, CCOO e UGT asinan un acordo xeral para a negociación colectiva de 1991.
Marzo	CIG, UGT e CCOO asinan un documento de Medidas de Política Industrial.
Primavera	Folga de 13 días no metal de Pontevedra.
14/04	Folga xeral en Valdeorras e Quiroga polo convenio da Lousa.
12/06	Mobilizacións unitarias de representantes sindicais en toda Galicia.
10-13/07	Asínase en Vigo, documento que establece relacións formais entre CIG e ELA-STV.
Verán	42 días de folga no sector da Lousa.
02/12	Mobilización nacional en Compostela, contra o paro e pola reindustrialización, convocada polos sindicatos obreiros e labregos.
17/12	Folga xeral comarcal en Ferrol, por un Plan Integral de desenvolvemento.
1992	
18/01	Congreso extraordinario da CXTG en Narón. <i>Adiante no camiño da unidade.</i>
04/03	Asínase, no marco do Consello Galego de Relacións Laborais, o Acordo interprofesional sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos, entre os sindicatos representativos e a patronal galega.
02/04	Folga xeral nacional, convocada polos sindicatos obreiros e labregos, en resposta á crise industrial, agraria e pesqueira.
Xuño	A CIG participa por vez primeira na Conferencia Internacional do Traballo, da OIT.
02/07	Asemblea nacional unitaria (CIG, UGT, CCOO) de representantes sindicais, en Compostela.
23/10	Asínanse os Acordos Xunta-Sindicatos (CIG, CCOO e UGT).
16-17/01	III Congreso da CXTG, en Vigo. <i>Construír o futuro sindical.</i>

1993	
08/03	Mobilizacións do Día Internacional da Muller Traballadora, as respectivas secretarías da Muller de INTG, CXTG, CCOO e UGT publican un manifesto conxunto.
02/04	Xornada pola Europa Social, convocada pola Confederación Europea de Sindicatos. A maior mobilización de Europa dáse en Vigo (40.000 participantes), convocada por CIG, CCOO e UGT.
24-25/04	Celébrase en Vigo o V Congreso da INTG. <i>Cuestión de confianza.</i>
Xuño	Folga no sector de Transporte de Viaxeiros en Pontevedra.
10/11	5.000 persoas manéstanse en A Coruña, convocadas pola CIG, contra a reforma laboral.
27/11	Masivas manifestacións en tódalas cidades de Galicia, convocadas pola CIG, contra a reforma laboral.
Novembro	A CIG participa no XXIII Congreso da Conferencia Mundial do Traballo (CMT).
1994	
Xaneiro	Posta en marcha do servizo de atención a inmigrantes e emigrantes retornados.
27/01	Folga xeral no Estado contra a reforma laboral (CIG, CCOO e UGT).
19/03	I Congreso da Confederación Intersindical Galega, en Santiago. <i>Sumando esforzos.</i>
Setembro	Publicase o primeiro número de <i>Tempo Sindical</i> , voceiro da CIG.
13-15/10	Celebración en Vigo, organizado pola CIG, do Congreso Galego de Saúde Laboral.
21-26/11	A CIG participa no XIII Congreso da FSM, en Damasco.
1995	
Febreiro	A CIG impulsa a unidade de acción, proponendo a Plataforma Galega de Acción Sindical
Abril	Mobilizacións en Compostela e Madrid, pola chamada <i>guerra do fletán.</i>
14/06	Manifestación nacional en Compostela, de 3.000 representantes sindicais da CIG, en defensa do emprego, de convenios en Galicia e da Plataforma Galega de Acción Sindical.
1995	Conflicto banco canario-sahariano. Folga xeral no Morrazo.
25/11	Miles de persoas mobilízanse en Santiago, convocadas pola CIG, <i>Polo futuro de Galicia.</i>
1996	
Xaneiro	Resultados das eleccións sindicais de 1994/5. A CIG acada 3.924 representantes (26,6%).
30/01	Constitúese o Consello Económico e Social de Galicia.
Outono	Dous meses de mobilizacións en As Pontes, que culminan cunha folga xeral.